

CONTIDOS MÍNIMOS EN 1º BACHARELATO. DEBUXO TÉCNICO I

Debuxo Técnico I. 1º de Bacharelato. 1º TRIMESTRE				
(BLOQUE 1.- XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO)				
1.- NOCIÓNS FUNDAMENTAIS DA XEOMETRÍA.				
Critérios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<p>B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l,m.</p>	<p>B1.1. Trazados xeométricos.</p> <p>B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico.</p> <p>B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte.</p> <p>B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	<p>Reprodución dunha rede modular sinxela con trazados básicos (paralelas, perpendiculares, liñas a 45°, a 30° e a 60°, e trazado de circunferencias)</p>
	<p>B1.6. Trazados fundamentais no plano.</p> <p>B1.7. Operacións con segmentos.</p> <p>B1.8. Mediatriz.</p> <p>B1.9. Paralelismo e perpendicularidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.1.2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<p>Saber construír a mediatriz dun segmento.</p>
	<p>B1.10. Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións.</p> <p>B1.12. Circunferencia e círculo.</p> <p>B1.13. Ángulos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<p>Saber construír a bisectriz dun ángulo.</p> <p>Saber construír o arco capaz dun segmento e un ángulo.</p>

2.- POLÍGONOS.				
<p>B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l,m. 	<p>B1.3. Recoñecemento da xeometría na natureza.</p> <p>B1.16. Representación de formas planas.</p> <p>B1.18. Resolución gráfica de triángulos.</p> <p>B1.19. Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables.</p> <p>B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos.</p> <p>B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario.</p> <p>B1.14. Trazado de polígonos regulares.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>Comprende o concepto de triángulo, cuadrilátero e polígono regular e irregular, coñecendo as súas propiedades fundamentais.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<p>Resolve problemas de construción de triángulos, sabendo aplicar os coñecementos xeométricos fundamentais apropiados.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<p>Resolve problemas de construción de cuadriláteros, polígonos irregulares e polígonos regulares, sabendo aplicar os coñecementos xeométricos fundamentais apropiados.</p>
3.- PROPORCIONALIDADE E SEMELLANZA.				
<p>B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha</p>	<p>B1.20. Proporcionalidade e semellanza.</p> <p>B1.17. Trazado de formas proporcionais.</p> <p>B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas.</p> <p>B1.23. Transformacións xeométricas elementais: xiro,</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<p>Comprender o Teorema de Thales e sabelo aplicar á obtención de segmentos proporcionais.</p> <p>Construír unha figura proporcional a outra.</p> <p>Debuxar algunha das escalas máis usuais.</p>

<p>figura de análise elaborada previamente.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l,m.</p>	<p>translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións.</p> <p>B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaa para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CSC CSIEE 	<p>Coñecer as transformacións xeométricas de xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade, e sabelas aplicar á problemas xeométricos sinxelos de formas planas.</p>
---	---	---	---	---

(BLOQUE 1.- XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO)

4.- TANXENCIAS E ENLACES.

<p>Critérios de avaliación</p>	<p>Contidos</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competen cias clave</p>	<p>Grao mínimo de consecución para superar a materia</p>
<p>B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B1.24. Tanxencias e enlaces.</p> <p>B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións.</p> <p>B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC CCL 	<p>Comprende as relacións de tanxencias existentes en figuras sinxelas, identificando os centros de circunferencias e os puntos de enlace con outras circunferencias ou con outras rectas.</p>
	<p>B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial.</p> <p>B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías.</p> <p>B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<p>Resolución de problemas básicos de tanxencias.</p>
	<p>B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT 	<p>Sabe construír un óvalo e un ovoide a partir dos eixos. Sabe construír unha espiral, aplicando a teoría de tanxencias.</p>

		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT CCL 	Sabe resolver unha figura con enlaces aplicando a teoría de tanxencias.
--	--	--	---	---

Debuxo Técnico I. 1º de Bacharelato. 2º TRIMESTRE

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

5.- FUNDAMENTOS DOS SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN.

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competen cias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles. OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.	B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. B2.2. Sistemas de representación na arte. B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. B2.6. Clases de proxección.	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCL 	Distingue os distintos sistemas de representación a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos.
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra minimamente as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.

6.- SISTEMA DIÉDRICO.

<p>B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexa amosar e dos recursos dispoñibles.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.9. Sistema diédrico. B2. 10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas. B2.11. Disposición normalizada. B2.12. Reversibilidade do sistema. Número de proxeccións suficientes. B2.13. Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección. B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos. B2.15. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. B2.16. Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas. B2.17. Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas. B2.18. Seccións planas. Determinación da súa verdadeira magnitude. B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL 	<p>Comprende os fundamentos do sistema diédrico: proxeccións ortogonais e disposición das mesmas.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT 	<p>Comprende o funcionamento do sistema diédrico, elementos e convencionalismos. Sabe representar puntos, rectas e planos no sistema diédrico. Sabe resolver problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude sinxelos no sistema diédrico.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	<p>Debuxa formas tridimensionais sinxelas a man alzada mediante as súas proxeccións diédricas.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<p>Debuxa formas tridimensionais sinxelas a man alzada mediante unha perspectiva axonométrica.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<p>Debuxa seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos a man alzada, nas súas proxeccións diédricas.</p>

	<p>B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías.</p> <p>B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D.</p>	<p>debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>		
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CSIEE 	<p>Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto, analizando a súa forma, a finalidade da representación e os recursos informáticos dispoñibles.</p>

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

7.- SISTEMA DE PLANOS COTADOS.

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<p>B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<p>Comprensión básica do sistema de planos cotados. Obtención dun perfil dun terreo a partir das súas curvas de nivel.</p>

Debuxo Técnico I. 1º de Bacharelato. 3º TRIMESTRE

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

8.- SISTEMA AXONOMÉTRICO

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoño a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados. OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.	B2.20. Sistema axonométrico. B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas. B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares.	■ DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.	■ CCEC	Realización de perspectivas isométricas de pezas sinxelas, aplicando na representación das circunferencias a construción de óvalos en lugar de elipses.
		■ DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado.	■ CCEC	Realización de perspectivas cabaleiras de pezas sinxelas, empregando o coeficiente de redución dado no eixo oblicuo desta perspectiva.

(BLOQUE 2.-SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN)

9.- SISTEMA CÓNICO.

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a	B2.25. Sistema cónico central. B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais.	■ DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de	■ CCL	Comprende e sabe situar os elementos fundamentais da perspectiva cónica, tanto central como oblicua, sabendo determinar o punto principal e os puntos de fuga.

<p>orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos.</p> <p>B2.29. Representación simplificada da circunferencia.</p> <p>B2.30. Sistema cónico oblicuo.</p> <p>B2.31. Representación simplificada da circunferencia.</p> <p>B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas.</p>	fuga e os seus puntos de medida.		
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoño a súa orientación para simplificar o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	<p>Debuxa coa axuda dos utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos sinxelos.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<p>Debuxa coa axuda dos utensilios de debuxo perspectivas cónicas oblicuas de corpos ou espazos sinxelos.</p>

(BLOQUE 3.-NORMALIZACIÓN)

10.-PROXECTOS.

Criterios de avaliación	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia
<p>B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.</p>	<p>B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>Describe e sabe identificar os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, en concreto na dobra de formatos, emprego de escalas, representación convencional das liñas, disposición das vistas e cotación.</p>

<p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>				
<p>B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.</p> <p>OBXECTIVOS: b,d,e,g,i,l.</p>	<p>B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. B3.3. Formatos. Dobra de planos. B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. B3.5. Aplicacións da normalización. B3.6. Escalas. Cotación. B3.7. Debuxo industrial. B3.6. Escalas. Cotación. B3.8. Debuxo arquitectónico. B3.9. Cortes e seccións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas. ▪ DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas. ▪ DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. ▪ DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. ▪ DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocos mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<p>Sabe empregar as escalas para obter as dimensións relevantes de corpos ou espazos.</p> <p>Sabe representar pezas e elementos industriais ou de construción sinxelos, aplicando a normalización correspondente as vistas diédricas, trazado de eixes, liñas vistas e ocultas.</p> <p>Sabe cotar pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Sabe cotar espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición e dispóndoas de acordo coa norma.</p> <p>Sabe representar obxectos sinxelos con ocos, mediante un corte total, parcial ou a un cuarto, aplicando as normas.</p>

Farase unha **AVALIACIÓN INICIAL** nas primeiras semanas de curso, que comprenderán unha proba e actividades prácticas, co obxecto de analizar, tanto as características persoais do alumnado, como a súa actitude, predisposición e coñecementos de base sobre as distintas materias que se desenvolverán ao longo do curso.

Mecanismo para informar ás familias:

Tras a reunión do profesorado que imparte as súas respectivas materias no grupo determinarase, a partir das conclusións extraídas, se é necesario acordar unha cita cos pais dos alumnos con dificultades ou en todo caso, enviarase unha nota a través da axenda escolar do alumno/a.

Consecuencias dos resultados da proba inicial:

Reforzaranse os estándares de aprendizaxe non asimilados con actividades para realizar en casa, que serán revisadas polo profesor/a.

Durante o curso a **avaliación será CONTÍNUA**, polo que revisarase o traballo diario en clase, traballos a entregar, traballo en grupo, preguntas e respostas na aula, probas onde se revise a asimilación de conceptos e actitude de respecto fronte as normas de traballo e comportamento.

Os **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** consistirán na valoración de tres aspectos fundamentais:

*** *Capacidade de comprensión e razoamento lóxico***

Avaliarase este aspecto a partires das probas realizadas, así como nos traballos prácticos propostos nos que se verá a aplicación correcta dos conceptos explicados.

*** *Creatividade***

Darase a debida importancia ó interese pola investigación de alternativas como posibles solucións nalgunhas das actividades propostas que teñan que ver co deseño gráfico ou co deseño de obxectos.

*** *Actitudes***

Teranse en conta as actitudes de interese (atención na clase, participación), respecto e tolerancia (colaboración cos compañeiros e compañeiras) e traballo (constancia e puntualidade na entrega de tarefas, esforzo na realización dos traballos propostos).

A porcentaxe que se aplicará para a nota global, tendo en conta as posibles variacións dependendo de cómo sexa a tarefa que se propón en cada momento, será como a continuación se indica:

TRABALLOS PRÁCTICOS E PROXECTOS (20 % da nota total) onde se valorarán:

Creatividade:

- Orixinalidade nas ideas.
(rexeitamento estereotipos)

Coñecementos:

- Aplicación de conceptos.

Técnica:

- Dominio das técnicas e sistemas de representación adecuados á actividade proposta.

Acabado:

- Presentación e acabado.

PROBAS (80% da nota total), téndose en conta:

Conceptos

- Aplicación teórico-práctica dos conceptos.

Presentación

- Boa presentación e acabado.

ACTITUDES. Este aspecto é moi importante na realización dos exercicios prácticos que se lles van pedir durante o curso. Son os seguintes:

- Aplicar os recursos gráficos máis axeitados ó sistema de representación empregado e segundo a realidade que se pretende representar.
- Presentación pulcra dos exercicios e proxectos.
- Emprego da terminoloxía propia da área.
- Interese pola investigación en solucións alternativas, en busca de ideas propias, cando non se trate de traballos mecánicos ou de aplicación concreta dos contidos.
- Respecto e tolerancia polas creacións alleas.
- Tolerancia e respecto coa profesora ou profesor e coas compañeiras e compañeiros.
- Participación e colaboración tanto no momento de exposición de conceptos na aula, como na realización de traballos individuais ou en grupo.

- Hábito de traballo: constancia na realización das tarefas e puntualidade na entrega das mesmas. Mandaranse algunhas delas para realizar fora do horario escolar.
- Coidado do material e instrumental propio da área.
- Realización das actividades propostas dentro ou fora da aula.
- Emprego do material propio requirido para a materia na realización dos traballos dentro da aula.

PROMOCIÓN:

A avaliación realizarase mediante os datos obtidos dos exercicios, dos proxectos técnicos e das probas. A nota da avaliación será a que se obteña da suma destes apartados. Mais non se poderá facer este cálculo se nalgún apartado non hai unha **mínima presentación** (unha nota mínima cualificable de 4).

Os **exercicios e proxectos** de aplicación dos coñecementos, terán un valor do **20%** da nota total, valorando entón as **probas nun 80%** da mesma.

Farase como mínimo unha proba por cada trimestre.

➤ Mecanismo/s para **recuperar** unha **proba non superada**:

Realizarase unha proba de recuperación ao inicio do seguinte trimestre, e reforzaranse os estándares de aprendizaxe non asimilados con actividades para realizar en casa que serán revisadas polo profesor/a.

➤ Mecanismo/s para **recuperar** unha **avaliación non superada**:

Aparte da proba de recuperación antes descrita o alumnado terá a posibilidade de poder presentarse a unha proba final para recuperar algunha avaliación pendente.

O alumnado que suspenda en xuño poderá presentarse a unha proba extraordinaria de **setembro** onde se valorarán os coñecementos de toda a materia (non se terán en conta neste momento o apartado de exercicios e proxectos).